



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO. PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL RURAL 2025.

EXPEDIENTE: 2025/G003/000237 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2025/A008/000012 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2025/E001/000002 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía 229/2025, de 9 de Xullo de 2025, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 peón forestal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 11/07/2025, do proceso de selección persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 1 peón forestal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a súa convocatoria para o ano 2025.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Propoñer a formalización do contrato laboral temporal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural), da seguinte candidata:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación total
78****95 R	Carreira León, Carmen	9,50



SEGUNDO.- Realizar unha bolsa de traballo para persoal laboral temporal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural), cos seguintes candidatos :

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación total
76****45 P	Lamas Castro, Manuel	9
76****06 H	Maques Sanchez, Manuel	5

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

CUARTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.